

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Orde do 10 de abril de 1992 pola que se establece o procedemento para solicitar novas certificacións de habilitación por parte dos funcionarios pertencentes ó corpo de mestres con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

A orde do 24 de outubro de 1989 pola que se establece o sistema para acreditar a habilitación do profesorado de EXB da *Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG nº 220, do 16 de novembro, corrección de erros no nº 4, do 5 de xaneiro de 1992), no punto 7º, corrixido no *Diario Oficial de Galicia* do 5 de xaneiro de 1990, sinalaba que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, cunha periodicidade non superior a dous anos, abriría novos prazos para a expedición de novas certificacións de habilitación, tanto para titulacións adquiridas con posterioridade á orde citada, como para as obtidas con anterioridade e non solicitadas.

En virtude dela publicouse a orde do 8 de maio de 1991 para solicitar novas certificacións (DOG nº 98, do 24 de maio, corrección de erros no nº 117, do 20 de xuño). Non obstante o anterior e coa finalidade de conseguir un procedemento máis axil e dinámico, parece procedente establecer un sistema permanente que posibilita obter as certificacións de habilitación sen estar suxeitos a convocatorias puntuais.

En consecuencia, esta consellería

DISPÓN:

1º —Tódolos funcionarios pertencentes ó corpo de mestres en servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia, servizos especiais, excedencia ou suspensión de funcións poderán solicita-lo recoñecemento das especialidades que posúan das incluídas no punto 5º da presente orde, e que non tivesen xa recoñecidas a través da certificación de habilitación expedida pola delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o procedemento que se establece na presente orde.

2º —Os profesores que acadasen a habilitación ó abeiro da disposición derradeira terceira do Real decreto 895/1989 non poderán solicitar novas habilitacións a través da presente orde baseándose en requisitos acadados con anterioridade ó peche do prazo fixado na orde do 24 de outubro de 1989, corrixida no *Diario Oficial de Galicia* do 5 de xaneiro de 1990.

3º —Os funcionarios incluídos no punto primeiro poderán solicitar en calquera momento o recoñecemento de especialidades, segundo o modelo establecido no anexo I, achegando para o efecto a documentación acreditativa pertinente en cada caso, conforme o sinalado no punto seguinte, perante a respectiva delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

4º —A acreditación dos requisitos farase a través da presentación das fotocopias compulsadas dos correspondentes títulos, diplomas ou certificacións ou, de se-lo caso, fotocopia da folia do *Boletín Oficial del Estado* ou do *Diario Oficial de Galicia*, ou de diarios oficiais de comunidades autónomas con competencias plenas en materia educativa, nos que se publicou a lista dos que superaron o concurso-oposición ou o curso de especialización, na que apareza o solicitante.

5º —As especialidades susceptibles de recoñecemento serán as seguintes:

—Educación preescolar, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 2 do artigo 17 do Real decreto 895/1989, do 14 de xullo.

—Educación xeral básica, filoloxía: lingua castelá e inglés, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 3 do artigo 17 do Real decreto.

—Educación xeral básica, filoloxía: lingua castelá e francés, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 4 do artigo 17 do Real decreto.

—Educación xeral básica, filoloxía: lingua castelá, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 5 do artigo 17 do Real decreto, conforme a redacción dada polo Real decreto 1.664/1991, do 8 de novembro.

—Educación xeral básica, filoloxía: lingua galega, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 11 do artigo 17 do Real decreto.

—Educación xeral básica, filoloxía: lingua catalana, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 6 do artigo 17 do Real decreto.

—Educación xeral básica, filoloxía: valenciano, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 7 do artigo 17 do Real decreto.

—Educación xeral básica, filoloxía: lingua catalana, Illas Baleares, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 8 do artigo 17 do Real decreto.

—Educación xeral básica, filoloxía: lingua vasca, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 9 do artigo 17 do Real decreto.

—Educación xeral básica, filoloxía: lingua vasca, Navarra, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 10 do artigo 17 do Real decreto.

—Educación xeral básica, matemáticas e ciencias da natureza, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 12 do artigo 17 do Real decreto.

—Educación xeral básica, ciencias sociais, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 13 do artigo 17 do Real decreto.

—Educación xeral básica, educación física, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 14 do artigo 17 do Real decreto, conforme a redacción dada polo Real decreto 1.664/1991, do 8 de novembro.

—Educación xeral básica: educación musical, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no anexo II.

—Educación especial: pedagogía terapéutica, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 1.1 do artigo 17 do Real decreto.

—Educación especial: audición e linguaxe, ós profesores que acrediten reunir algún dos requisitos fixados no punto 1.2 do artigo 17 do Real decreto.

No anexo III da presente orde inclúense cursos que dan lugar á habilitación nas distintas áreas ou especialidades.

6º —Para face-la análise das solicitudes e documentación presentadas e elevarlle ó delegado provincial as propostas de habilitación que correspondan, constituirase en cada delegación unha comisión que estará integrada por un inspector de educación, que a presidirá, e por tres funcionarios, designados todos eles polo delegado. As sesións das comisións poderá asistir, con voz e sen voto, un representante sindical por cada un dos sindicatos con representación na Xunta de Persoal Docente de niveis non universitarios.

7º —Os membros das comisións terán dereito a percibir asistencias e axuda de custos por concorreren ás sesións, conforme o Decreto 299/1990, do 24 de maio (DOG do 1 de xuño). Para tal efecto as comisións consideraranse incluídas na categoría segunda.

8º —As devanditas comisións reuniranse, de haber solicitudes, coa seguinte periodicidade: na última semana dos meses de febreiro, abril, xuño e outubro e na primeira quincena de decembro.

9º —As delegacións provinciais farán públicos no taboleiro os listados provisionais de habilitación dentro dos quince días seguintes ás datas sinaladas no punto anterior e fixarán un prazo de 10 días para presentar reclamacións. Para a mellor información dos interesados, publicarase nos medios de comunicación por parte das delegacións a data de exposición dos devanditos listados.

10º —As reclamacións presentadas serán estudiasdas polas respectivas comisións establecidas no punto 6º da presente orde. As comisións propoñeránlle ó delegado a resolución que proceda, respecto de cada reclamación formulada.

11º —Unha vez resoltas as reclamacións presentadas os delegados provinciais farán públicas as listas definitivas de habilitación e expedirán certificacións individualizadas a cada profesor, segundo o modelo do anexo IV desta orde. Estas certificacións, que incluírán tódalas especialidades recoñecidas, substituirán as expedidas con anterioridade.

12º —As delegacións provinciais expediranlles, de oficio, ós profesores que superen os futuros concursos-oposición a certificación de habilitación correspondente á especialidade pola que opositaron, incluíndo, ademais, a de EXB: ciclo inicial e medio.

Tamén, de oficio, se lle expedirán novas certificacións de habilitación ós profesores que superen cursos de especialización convocados pola consellería, incluíndo a especialidade correspondente ó curso superado.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 1992.

Juan Piñeiro Permuy
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Don/dona.....
Funcionario/a pertencente ó corpo de mestres, con
DNI..... e NRP.....
con destino no colexio público
.....
do concello de..... provincia.....
..... con nomeamento (1)..... na
situación administrativa de (2).....

Solicita de V.I. certificación de habilitación que lle permita optar ós seguintes postos de traballo:

- 1.—.....
- 2.—.....
- 3.—.....
- 4.—.....
- 5.—.....
- 6.—.....
- 7.—.....
- 8.—.....
- 9.—.....

Para tal efecto, presenta os seguintes documentos acreditativos:

- Para 2.....
Para 3.....
Para 4.....
Para 5.....
Para 6.....
Para 7.....
Para 8.....
Para 9.....

En....., ... de..... de 1992.

Asdo.:

Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

(1) Definitivo ou provisorio.

(2) Servicio activo, servicios especiais, excedencia, suspensión de funcións.

ANEXO II

Educación xeral básica: Educación musical.

Para poder obter a habilitación en EXB: educación musical, requírese estar en posesión ou en condicións de obter, por ter rematados os estudos correspondentes, algunha das titulacións ou diplomas que se indican:

1.1. Estudos musicais segundo o Decreto do 15 de xuño de 1942 (BOE do 4 de xullo), sobre reorganización dos conservatorios de música e declamación:

—Estar en posesión do certificado de aptitude expedido polos conservatorios elementais ou ter cursado as ensinanzas de solfeo, nocións de canto, piano, violín e harmonía correspondentes ó grao elemental.

1.2. Estudos musicais conforme o Decreto 2.618/1966, do 10 de setembro (*Boletín Oficial del Estado* do 24 de outubro), sobre regulamentación xeral de conservatorios de música:

—Estar en posesión do diploma elemental ou ter superadas as ensinanzas correspondentes ó grao elemental que a continuación se indican.

Ensinanzas:

Solfeo e teoría da música. Cursos: 1º, 2º, 3º e 4º.

Piano. Cursos: 1º, 2º, 3º e 4º.

Violín. Cursos: 1º, 2º, 3º e 4º.

Violoncelo. Cursos: 1º, 2º, 3º e 4º.

Conxunto coral e instrumental. Curso: 1º de conxunto coral.

Arpa. Cursos: 1º, 2º e 3º.

Guitarra e vihuela. Cursos: 1º, 2º e 3º.

Viola. Cursos: 1º, 2º e 3º.

Contrabaixo. Cursos: 1º, 2º e 3º.

Instrumentos de vento. Cursos: 1º, 2º e 3º.

Canto. Cursos: 1º, 2º e 3º.

Instrumentos de púa. Cursos: 1º, 2º e 3º.

Instrumentos de membranas. Curso: 1º.

Láminas. Curso: 1º.

Foles manuais e similares: 1º.

1.3. Ter superados os cursos de especialización, que figuran no anexo III, convocados ben polo Ministerio de Educación e Ciencia, ou ben polos órganos correspondentes das comunidades autónomas con competencias plenas en materia de educación e homologados polo Ministerio de Educación e Ciencia.

ANEXO III

LINGUA E LITERATURA GALEGAS

Ordes e resolucións de
convocatoria

Orde 6-4-1983 (DOG 23-4)
 Orde 6-4-1983 (DOG 23-4)
 Orde 19-7-1983 (DOG 29-7)
 Orde 16-1-1984 (DOG 20-1)
 Orde 16-1-1984 (DOG 20-1)
 Orde 24-7-1984 (DOG 10-8)
 Orde 21-1-1985 (DOG 7-2)
 Orde 21-1-1985 (DOG 7-2)

Orde 6-4-1983 (DOG 23-4)

Orde 6-4-1983 (DOG 23-4)
 Orde 20-2-1986 (DOG 10-3)
 Orde 30-12-1986 (DOG 9-1-1987)
 Orde 6-4-1983 (DOG 23-4)
 Orde 19-1-1988 (DOG 27-1)
 Orde 19-1-1989 (DOG 27-1)
 Orde 4-4-1989 (DOG 18-4)
 Orde 6-4-1983 (DOG 23-4)

Orde 22-1-1990 (DOG 20-2)
 Orde 14-5-1990 (DOG 4-6)

Ordes e resolucións
complementarias

Orde 17-12-1983 ((DOG 5-1-1984)
 Orde 17-12-1983 (DOG 10-1-1984)
 Orde 28-6-1984 (DOG 18-7)
 Orde 26-9-1984 (DOG 17-10)
 Orde 14-11-1984 (DOG 6-12)
 Orde 14-8-1985 (DOG 31-8)
 Orde 14-11-1985 (DOG 30-11)
 Orde 18-12-1985 (DOG 31-12)
 Corrección de erros - orde 15-1-1986 (DOG 29-1)
 Orde 18-12-1985 (DOG 3-1-1986)
 Corrección de erros - orde 15-1-1986 (DOG 29-1)
 Orde 28-1-1986 (DOG 12-2-1986)
 Orde 6-2-1987 (DOG 26-2)
 Orde 22-10-1987 (DOG 18-11)
 Orde 3-2-1988 (DOG 3-3)
 Orde 19-10-1988 (DOG 16-11)
 Orde 25-9-1989 (DOG 20-10)
 Orde 22-12-1989 (DOG 12-1-1990)
 Orde 9-3-1990 (DOG 2-4)
 Orde 12-3-1990 (DOG 3-4-1990)
 Corrección de erros ás órdes 25-9-1989 (DOG 20-10)
 e 22-12-1989 (DOG 12-1-1990)
 Orde 2-5-1990 (DOG 30-5)
 Corrección de erros ás órdes 19-10-1988 (DOG 16-11)
 e de 22-12-1989 (DOG 12-1-1990)
 Orde 11-10-1990 (DOG 6-11-1990)
 Orde 15-2-1991

EDUCACIÓN MUSICAL

Ordes e resolucións de
convocatoria

Cursos convocados polo MEC
 O.M. 4-5-1973 (BOE do 17)

O.M. 13-9-1985 (BOE 18-9)

Ordes e resolucións
complementarias

R. 7-6-1973 (BOE 7-7)
 R. 12-1-1974 (BOE 9-2)
 R. 10-6-1974 (BOE 1-7)
 R. 7-6-1977 (BOE 22-6)
 O. 6-7-1989 (BOE 11-8)
 Publicando listas de profesores aptos

CURSOS CONVOCADOS POLAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE CANARIAS

Resolución 14-8-1990 (BOC 5-9)

Resolución 4-7-1991 (BOC 19-7)
 Resolución 28-11-1991 (BOE 18-12)

GENERALITAT DE CATALUÑA

Resolución 2-10-1986 (DOGC 10-12)

Orde 26-3-1990 (BOE 7-4)

Homologado polo MEC por resolución do 16-3-1990

Publicando lista de profesores aptos

GENERALITAT VALENCIANA

Anuncios publicos do 15-10-1986 e 22-10-1987

Orde 3-11-1989 (BOE 8-11)

Homologado por resolución del 2-11-1989

Publicando lista de profesores aptos

Resolución 31-8-1989 (DOGV 7-9)

Resolución 27-12-1990 (DOGV 13-2-1991)

Resolución 16-12-1991 (BOE 18-1-1992)

XUNTA DE GALICIA

Orde 4-10-1989 (DOG 10-10)

Orde 26-8-1991 (DOG 11-9)

Resolución 28-11-1991 (BOE 17-12)

CURSO CELEBRADO MEDIANTE CONVENIO ENTRE O MEC E AS UNIVERSIDADES

Universidade de Zaragoza

Curso celebrado na Escola Universitaria do Profesorado de Zaragoza.

Rematada 1ª promoción.

EDUCACIÓN ESPECIAL: PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA

Ordes e resolucións de
convocatoriaOrdes e resolucións
complementarias

Cursos convocados polo MEC

O.M. 4-12-1963 (BOE 16-12)

O.M. 30-10-1964 (BOE 1-12)

O.M. 24-7-1962 (BOE 21-8)

O.M. 16-11-1964 (BOE 1-12)

Resolución 29-7-1965 (BOE 17-8)

Resolución 10-6-1967 (BOE 27-6)

Resolución 13-10-1969 (BOE 23-10)